

TAREFAS PECHE: Uxía Cagiao Teijo
INDICACIONES PARA O ALUMNADO E FAMILIAS

O alumnado implicado pola docencia impartida por Uxía Cagiao (Dpto. Xeografía e Historia) corresponde cos niveis de 2º da ESO (A e B, ambos grupos), 3º da ESO (A e B, ambos grupos) e 1º de BAC (grupo B, unicamente o alumnado que cursa a materia de "Historia Contemporánea Universal").

Para todos os casos especificados anteriormente se aplicará o mesmo procedemento de contacto co alumnado: **AULA VIRTUAL**. Así pois, cada alumno/a deberá consultar diariamente os materiais e as tarefas requiridas accedendo ao curso da materia coa clave e usuario que lles foi facilitada a principios de curso. Para a realización deste traballo deberase ter en conta as seguintes aclaracións:

- O número de tarefas corresponderase co número de sesións de clase asociadas a cada nivel. Na aula virtual presentarase as tarefas semanais asociadas a cada sesión seguida do título da actividade (P. ex.: "SESIÓN 1: Comentario de texto...."; "SESIÓN 2: Responde ás seguintes preguntas sobre...." ou "SESIÓN 3: Exercicios da páxina 145 do libro de texto").

- Dentro de cada actividade requirida aportaranse as indicacións para a súa realización e os materiais de consulta correspondente.

- En tanto ao modo de entrega das tarefas: deberá ser, preferentemente, a través da propia aula virtual mais no caso de qua o alumno/a teña dificultades para subir á plataforma os seus traballos poderá facer o envío das mesmas ao correo corporativo da docente (uxia.cagiao@edu.xunta.es). Insístese en que esta vía será, en todo caso, excepcional.

- En tanto aos prazos de entrega: cada actividade estará asociada a unha data de entrega recomendada para insistir na importancia do traballo diario do alumnado. En todo caso, para facilitar a propia organización de cada alumno/a o prazo máximo ampliarase ao último día da semana, de tal xeito que ao final da fin de semana deberán ter entregadas todas as actividades propostas durante esa semana.

- Os contidos traballados durante estas semana son de reforzo e ampliación.

- No caso de rematar as actividades propostas da aula virtual o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario. Ditas tarefas poderán partir da profesora (a través da aula virtual) ou do alumnado. Neste último caso deberán achegar as súas propostas de traballo cunha mensaxe na aula virtual ou a través do correo corporativo da profesora.

- Dependendo da evolución de situación e de dispoñer das infraestruturas necesarias non se descarta o emprego de vídeos e conferencias virtuais (tanto para clases expositivas como para a corrección de actividades).

Finalmente temos en conta que esta metodoloxía de traballo pode suscitar problemáticas tanto no alumnado como nas familias. Por iso se insiste en que poderán realizar calquera dúbida ou consulta a través do correo electrónico da docente:

uxia.cagiao@edu.xunta.es

Moito ánimo para todos/as!